

A CONCATEDRAL

A colexiata de Santa María de Vigo, situada na rúa Palma, é un templo católico situado na cidade de Vigo. Desde 1959 ten a consideración de concatedral, compartindo a sede catedralicia da diocese de Tui-Vigo coa catedral de Tui. Foi construída entre 1816 e 1834, substituindo a antiga colexiata, danada trala explosión dunha polvoreira en 1809, por mor do pirata Drake.



A PEDRA E RÚA DA PESCADERÍA

O mercado da Pedra, é un dos lugares máis visitado de Vigo, non só polos turistas, senón polos que viven na cidade todo o ano, é o lugar de lecer da cidade.

No mercado podes atopar a bos prezos a roupa, bolsos, reloxos, zapatos entre moitas outras cousas, o que non se sabe ben é de onde vén, pero son imitacións moi boas.



Este mercado está situado na zona antiga, cerca do porto deportivo, fronte ao Club Nautico e próximo á popular rúa das ostreiras (Rúa da Pescadería), onde sen dúbida é un dos mellores lugares da cidade para degustar o marisco recentemente sacado do mar, hai moitas marisqueiras e restaurantes.



RÚA REAL

Probablemente esta sexa a rúa máis importante na antiga cidade de Vigo. Vai dende a Colexiata de Santa María ata o porto. No nº 12 atopamos a casa onde se imprimiu por primeira vez Cantares Gallegos de Rosaía de Castro, no ano 1863. O resto das casas son as típicas dos pescadores do século XIX.



CASA ARINES

Case ao comezo da rúa Real, na plaza Almeida, atópase a casa máis antiga de Vigo, data do século XVI, a denominada "Casa Ceta ou de Arines". Ten aspecto de torreón medieval. O edificio está coroado con gárgolas de pedra. Aparecen tamén dous escudos.



A RECONQUISTA

Esta festa ten orixe en 1809, cando a poboación farta da dominación francesa nas súas terras comezou unha revolta popular, é dicir, dos cidadáns de Vigo, que finalizou coa expulsión das tropas napoleónicas (Francia).


Século XXI: Por iniciativa do Plan Comunitario do Casco Vello e a Asociación de Veciños instituíuse unha grande celebración da Reconquista, coa representación da loita polos veciños cos soldados franceses ataviados con roupas de época. O éxito acadado é de tal magnitude que a festa se converte na máis importante da cidade.



FOLLETO TURÍSTICO




GUÍA DO CASCO VELLO DE VIGO



Fiel, leal, valerosa e sempre beneficiosa Cidade de Vigo

Alumnos e alumnas de 4ºB
CEP.Celso Emilio Ferreiro
Vigo

Abril de 2013



ANTIGA MURALLA

As murallas de Vigo constrúense durante o reinado de Felipe IV, en 1656, para protexer a cidade dos saqueos producidos polos portugueses, cos que España estaba en guerra pola independencia de Portugal.

A muralla, que carecía de foso, ía desde o Castelo de San Sebastián pasaba pola porta do Sol, baixaba pola rúa Carral ata A Laxe, onde bordeaba o mar ata O Berbés ata o arranque da rúa Real e desde aí ascendía ata o Castelo de San Sebastián, pechando as murallas polo sur a modo de cidadela fortificada que domina a vila desde a súa altura.

A OLIVEIRA

Vigo é coñecida coma “Cidade olívica” debido a que no atrio da igrexa da Colexiata de Santa María existía dende moi antigo unha gran oliveira. Ésta foi plantada polos Cabaleiros monxes Templarios. A vella árbore, símbolo da Paz desapareceu ao construírse a actual igrexa. D. Manuel Anxo Pereira recolleu unha das súas ramas e plantouna no horto da súa casa, diante da Porta do Sol. Alí arraigou e creceu ata que o desenvolvemento da cidade fíxoo desaparecer, non sen antes ser plantada de novo no Paseo de Alfonso XII, onde pode verse na actualidade.



PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Esta praza é a máis emblemática de Vigo. Foi declarada Conxunto Histórico pola Xunta de Galicia. Nela atopanse algúns edificios de interese como o antigo Concello (na actualidade Casa de Cultura). Dá entrada ao casco histórico da cidade.




AS SETE PORTAS DA MURALLA

- **Porta do Sol.** Era a porta emblemática de Vigo, e, a través do que hoxe é a Rúa do Príncipe, permitía a comunicación con Castela.
- **Porta da Gamboa.** Era unha porta de importante acceso de xentes e mercancías ó centro da Vila, xa que, a través do Areal, permitía a comunicación con Pontevedra.
- **Porta da Laxe.** Daba acceso directo ao mar, e foi o xerme do actual porto. O mar tiña calado, pero non había dique. Así que os barcos atracaban de costado.
- **Porta do Mar.** Daba acceso directo ao mar. Case que sempre estaba pechada, e só se abría en casos de galerna ou malas novas.
- **Porta do Berbés.** Era a porta que daba acceso ao barrio mariñeiro da Ribeira, e estaba situada ao remate da Rúa Rea. Por ela accedían, maiormente, mariñeiros, carrexóns e peixeiras.
- **Porta da Falperra.** Situada entre o que hoxe é a Rúa El-duayen e o Paseo de Alfonso XII, comunicaba coa estrada de Baiona e Tui. Perto nesta porta estaba a fonte máis emblemática de Vigo: a fonte da Falperra.
- **Porta do Pracer.** Esta era a porta de acceso natural para os labradores, que accedían cada mañá para vender mercancías nas rúas. Perto desta había a famosa fonte do Pracer.

Ademais, na cidade existían **dous recintos amurallados:**

O Castelo de San Sebastián situado na antiga muralla, era un dos seus baluartes ou torre de vixilancia. A muralla pechabase na ermida de San Sebastián, onde se construíu este forte.



O Castelo do Castro, que se empregaba como prisión para os detidos e desde o que a espléndida vista permitía vixiar o horizonte, para alertar da entrada de velas inimigas.



PEIRAOS E BERBÉS

O Barrio do Berbés, barrio tradicional de pescadores, comeza na porta da Ribeira onde contemplamos as plazuelas e sopor-tais oas que noutros tempos chegaba o mar e que eran empregados para a realización dos traballos que conlevaba a pesca. Aquí comeza a Avenida de Bairamar que se dirixe ao porto pesquero e á Bahía de Bouzas.



CESTEIROS



Rúa pequeniña, estreita e empedrada preto da concatedral que chama a atención por que está chea de cadeiras, cestos e pequenas reliquias feitas con bimbio. Son pequenos comercios tradicionais, que co paso dos séculos non perderon a costume de tecer en bimbio. Os cesteiros son patrimonio cultural da cidade.

PRAZA DA PRINCESA

Esta praza sitúase na contorna da Porta do Sol, e caracterízase porque no centro atópase a emblemática fonte do Angelote, un dos monumentos máis antigos da cidade, e detrás atópase a Casa Galega da Cultura.



ARCO DE QUIRÓS

A casa do Arco de Quirós está ligada a familias afincadas na nosa cidade desde o século XVI. Debido á importancia do elemento arquitectónico, a asociación de defensa do patrimonio solicita que se complete a recuperación da praza da Princesa coa rehabilitación do Arco.



RÚA POBOADORES



Tras numerosas mortes e emigración por mor da peste e das guerras, a vila quedou practicamente despoboad. Por este motivo en 1440, o rey Xoán II otorgou unha carta-póboa concedendo privilexios a todos os que quixeran vivir na vila. De aí ven o nome da Rúa dos Poboadores. Nela atopamos “O peto de ánimas”, foi unha gran estatua e estaba moi valorada no seu tempo.

